

# CÓDIGO DE CONDUCTA DAS UNIVERSIDADES SOBRE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

## PREÁMBULO

Ao longo dos últimos anos, as universidades foron asumindo un crecente protagonismo na cooperación para o desenvolvemento, poñendo en marcha un amplo abano de actividades encamiñadas a favorecer a solidariedade dos distintos sectores da comunidade universitaria, tanto con universidades como con outras institucións e colectivos sociais de distintos países.

Iso inscríbese no proceso aberto nos últimos anos de ampliación do número e o tipo de axentes sociais que se foron sumando aos labores solidarios de carácter internacional, en favor dunha maior equidade e dun desenvolvemento humano e sostible no mundo. Dun contexto en que só unhas cantas organizacións sociais especializadas (as coñecidas como ONGD) estaban dedicadas a esta tarefa, pasouse a outro en que, ademais dun forte incremento destas, se produciu a incorporación de moitas outras institucións e colectivos sociais que comezaron a poñer en marcha programas e proxectos de cooperación para desenvolvemento en distintos campos e en moi diversos países.

Todo iso deu lugar a unha diversificación moi grande das actuacións

no campo da cooperación, dos métodos de traballo e ata dos obxectivos específicos dos diferentes proxectos e programas. Neste contexto, non é de estrañar que xurdisen contradicións e problemas no xeito de entender a cooperación para o desenvolvemento, tanto nas organizacións de máis longa traxectoria neste terreo (as ONGD) coma noutras que se foron incorporando a esta tarefa.

Como consecuencia de todo iso e co fin de preservar o carácter solidario da cooperación para o desenvolvemento, así como o seu obxectivo de contribuír expresamente á equidade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade, fíxose cada vez máis necesario contar con referencias claras para orientar o traballo en cooperación, que sirva ao mesmo tempo para chamar a atención sobre posibles prácticas incompatibles co seu carácter solidario ou cos obxectivos antes mencionados.

Froito desta reflexión, distintas institucións ou organizacións sociais foron dotándose de diversos instrumentos tendentes a orientar o seu traballo, en forma de códigos de conduta, guías de responsabilidade social, de transparencia e boas prácticas e outras similares. No caso das ONGD, estas aprobaron en 1997 o coñecido como Código de conduta das ONG de desenvolvemento que, desde

entón foi a referencia básica a través da cal axuizar e valorar, desde un punto de vista ético, o traballo que estas desenvolven.

No caso das universidades, a grande magnitude alcanzada polas accións de cooperación internacional destas puxo sobre a mesa a necesidade de acoutar con maior precisión o campo específico da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, co fin de preservar o seu carácter solidario, tanto nos seus obxectivos como nos métodos de traballo empregados, así como para resaltar que o seu fin último debe ser o desenvolvemento sostible do país co que se coopera.

Esta preocupación estivo presente en todos os debates que houbo desde que, en 1999, as universidades españolas abordaron a elaboración de ESCÚDEA (Estratexia de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento e recoñeceuse a importancia desta cuestión para o fortalecemento e a lexitimación do traballo solidario das universidades.

Baseándose en todo o anterior, as universidades españolas, a través da Comisión de Cooperación para o Desenvolvemento adscrita ao CEURI-CRUE, decidiron na súa reunión de Castellón de marzo de 2005 poñer en marcha un proceso orientado a elaborar un código de conduta das universidades sobre cooperación para o desenvolvemento.

O dito código, dividido en 6 apartados e 31 artigos, representa a vontade que comparten as universidades

que integran a CRUE de acomodar a Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento ás pautas que nel se establecen.

En todo caso, este código deberá ser ratificado polos órganos de goberno correspondentes en cada universidade, que poderán adherirse a el como símbolo do compromiso solidario desta e da súa vontade de axustar as actividades de cooperación para o desenvolvemento aos procedementos e criterios éticos que o dito código establece.

## **PARTE PRIMEIRA**

### **Principios e obxectivos da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento**

#### **Artigo 1**

A participación das universidades na cooperación internacional para o desenvolvemento descansa na consideración deste último como un proceso de progreso e cambio social, económico, político, cultural, tecnolóxico, etc. que, xurdido da vontade colectiva, require a organización participativa e o uso democrático do poder polos membros dunha colectividade.

#### **Artigo 2**

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento considera a pobreza como unha situación de privación dos elementos esenciais necesarios para que o ser humano poida vivir e se desenvolver con dignidade, e fórmulase a súa erradicación como un dos seus fins prioritarios.

#### **Artigo 3**

Desde esta perspectiva, o desenvolvemento humano e sostible enténdese como aquel capaz de crear condicións de equidade que abran máis e mellores oportunidades de vida digna ás persoas para que despreguen todas as súas potencialidades, e capaz de preservar ao mesmo tempo para as xeracións futuras os recursos naturais e o acervo cultural.

A humanidade non pode afrontar os retos do futuro se non é aproveitando o potencial das poboacións máis desfavorecidas, hoxe limitado pola penuria da súa situación.

#### **Artigo 4**

A educación das persoas e, dentro dela, a educación superior, é unha compoñente fundamental do proceso de ampliación de oportunidades e liberdades das persoas e as sociedades. En consecuencia, o fortalecemento dos sistemas universitarios e o fomento do acceso aos estudos universitarios constitúe un obxectivo esencial da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

É igualmente obxectivo da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento a colaboración para solucionar as dificultades e contradicións asociadas aos procesos de erradicación da pobreza e de desenvolvemento, fomentando o avance en áreas de investigación apropiadas aos devanditos obxectivos.

#### **Artigo 5**

A equidade de xénero e o fortalecemento das capacidades e autonomía das mulleres son consubstanciais ao desenvolvemento humano e, ao mesmo tempo, condicións para lograr os obxectivos globais do desenvolvemento, polo que constitúen unha referencia básica da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

## Artigo 6

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento baséase así mesmo na consideración de que a sustentabilidade ambiental e os dereitos das futuras xeracións son parte indispensable dos proxectos orientados á promoción do desenvolvemento.

## Artigo 7

A paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos constitúen fundamentos básicos de calquera proceso orientado á promoción dun desenvolvemento humano e sostible, polo que son, así mesmo, obxectivos esenciais da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

As universidades subscriben plenamente os principios de apropiación, aliñación e harmonización das políticas de cooperación para o desenvolvemento, segundo os cales os procesos de desenvolvemento deben ser establecidos e liderados polos propios beneficiarios a través das súas institucións e iniciativa, co apoio que supoñen os recursos e accións da cooperación.

## PARTE SEGUNDA

### Identidade da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento

## Artigo 8

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento constitúe unha actividade diferenciada doutras orientadas

de modo xeral á internacionalización da universidade ou á cooperación internacional entre universidades e fundamenta a súa identidade nos valores solidarios que o caracterizan.

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento enriquece humana e academicamente as persoas que participan nela e as universidades a que pertencen. A colaboración desinteresada e o compromiso solidario da comunidade universitaria son un sinal de identidade da devandita actividade.

## Artigo 9

De acordo co anterior, enténdese a Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento como o conxunto de actividades levadas a cabo pola comunidade universitaria e orientadas á transformación social nos países máis desfavorecidos, en pro da paz, a equidade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

## Artigo 10

A cooperación para o desenvolvemento das universidades, ao igual que a doutras institucións e axentes sociais, constitúe unha actividade que se insire no contexto das relacións internacionais e en estreita relación coas políticas globais que determinan os procesos de desenvolvemento sobre as que pretende influír. Iso require unha coherencia xeral entre os obxectivos de longo prazo e as accións concretas que se

levan a cabo, así como entre os resultados perseguidos e os medios empregados.

## Artigo 11

O labor da universidade no campo da cooperación para o desenvolvemento atópase estreitamente vinculada co seu ámbito natural de actuación: a docencia e a investigación, cuestións que son esenciais tanto para a formación integral dos estudantes como para unha mellor comprensión dos problemas que ameazan a consecución dun desenvolvemento humano e sostible a escala universal.

Ademais, o fortalecemento institucional dos sistemas universitarios (mediante transferencia de coñecementos e tecnoloxía, infraestruturas, entrega de equipos e outros recursos etc.) e o asesoramento e apoio técnico a programas de desenvolvemento (especialmente os relacionados coa educación superior e aqueles en que as capacidades científicas e críticas universitarias poidan supoñer un valor engadido), xunto coa sensibilización da comunidade universitaria, constitúen ámbitos prioritarios do traballo da Universidade neste campo.

## Artigo 12

A cooperación para o desenvolvemento é parte esencial do compromiso social da universidade e como tal non pode entenderse como unha actividade extraacadémica nin restrinxida a compromisos individuais, senón

integrada no conxunto de actividades que lle son propias.

Iso implica que a universidade debe comprometerse institucionalmente con esta tarefa, apoiándoa con medios técnicos, humanos e financeiros, sen que esta deba recaer unicamente naqueles colectivos máis sensibilizados ou ser considerada como unha opción moral de carácter individual, á marxe das actividades académicas e institucionais.

## Artigo 13

As universidades deberán realzar a identidade e importancia das actividades da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, mediante a súa consideración estatutaria como obxectivo propio do traballo universitario, a súa inclusión nos planos estratéxicos, a creación de órganos institucionais de promoción e xestión desta e a existencia de instrumentos e dotación orzamentaria para executala.

## PARTE TERCEIRA

### Participación e implicación da comunidade universitaria

## Artigo 14

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento debe procurar a máxima implicación posible do conxunto da comunidade universitaria. Neste sentido, todos os membros e sectores desta (estudantes, PDI e PAS) deben ser chamados a participaren nas actividades que forman parte da estratexia de

cooperación para o desenvolvemento da propia universidade, sen que estas poidan ser patrimonializadas por uns ou outros colectivos da devandita comunidade.

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento lexitímase e fortalécese na medida en que logra incorporarse a novos sectores da comunidade universitaria e se difunde como actividade habitual das distintas estruturas universitarias.

### **Artigo 15**

A participación dos membros da comunidade universitaria no marco da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento deberá realizarse con carácter voluntario e sen finalidade lucrativa, aínda que tampouco pode supoñer discriminación económica ningunha para os que traballen nelas.

### **Artigo 16**

A participación da comunidade universitaria na cooperación para o desenvolvemento, aínda dentro da voluntariedade sinalada, poderá ser recoñecida como parte do quefacer propio dos distintos membros da comunidade universitaria, en tanto que constitúe unha achega institucional da universidade á sociedade e estímulaa de xeito que non supoña discriminación académica ningunha para as persoas que participan nela.

### **Artigo 17**

Para iso, as universidades estudarán as fórmulas necesarias para o

recoñecemento académico das actividades propias da cooperación ao desenvolvemento que leve a cabo o persoal docente e investigador, impulsando liñas de investigación nas súas áreas de actividade, favorecendo a implantación de materias e liñas curriculares, establecendo, dentro das súas posibilidades, os procedementos axeitados que permitan o desprazamento a outros países para participar en proxectos de cooperación, incentivando a normalización das devanditas actividades entre as habituais de este persoal, e considerando a posibilidade de incluír un apartado de Actividades de cooperación para o desenvolvemento no ámbito universitario no modelo de CV das universidades.

Así mesmo, as universidades poderán impulsar mecanismos que valoren a participación en proxectos e actividades de cooperación para o desenvolvemento, estimulando a súa calidade de xeito análogo e con similares indicadores e procedementos de avaliación ou acreditación que os empregados na valoración dos méritos docentes, investigadores ou de xestión institucional.

### **Artigo 18**

Con igual propósito, as universidades poderán facilitar a incorporación do persoal de administración e servizos ás actividades de cooperación para o desenvolvemento, permitindo a súa participación nestas sen que ningún os seus dereitos laborais e establecendo fórmulas que, de acordo coa normativa legal aplicable, permitan o seu desprazamento a outros países cando se requira a súa contribución e/ou

asesoramento técnico en proxectos e programas de cooperación que aquelas leven a cabo.

### **Artigo 19**

Polo que se refire ao alumnado, as universidades deberán estimular a súa incorporación ás actividades de cooperación para o desenvolvemento, favorecendo a creación de ONGD universitarias, o asociacionismo estudiantil e o voluntariado nestas materias, e valorando axeitadamente este traballo mediante créditos, ao igual que se fai con outro tipo de actividades.

### **Artigo 20**

Ademais da propia e imprescindible achega institucional, as universidades facilitarán o compromiso financeiro dos distintos membros da comunidade universitaria para apoiar as actividades de cooperación ao desenvolvemento, mediante fórmulas que permitan contribuír de forma solidaria ao seu impulso, tales como as inspiradas no 0,7% ou outras formas de achega económica voluntaria.

## **PARTE CUARTA**

### **Relación das Universidades coas institucións contraparte noutros países**

#### **Artigo 21**

A cooperación para o desenvolvemento debe entenderse como intercambio e enriquecemento mutuo das partes que participan nesta, á marxe de

imposicións ou actitudes paternalistas. Desde esta perspectiva, a aproximación das universidades á cooperación para o desenvolvemento debe basearse no respecto institucional cara ás súas contrapartes e na procura de compromisos de traballo acordes coa súa libre vontade.

#### **Artigo 22**

Os acordos de cooperación que se establezan coas Universidades e institucións contrapartes deberán basearse en criterios de participación democrática e transparencia, procurando a máis ampla intervención dos distintos sectores implicados á hora de establecer obxectivos e pautas de actuación.

#### **Artigo 23**

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento debe basearse en criterios de estabilidade e sustentabilidade das accións levadas a cabo, para o cal as universidades haberán de procurar que se establezan vínculos de colaboración sólidos e estables coas súas contrapartes, evitando a dispersión de actividades ou o carácter puntual e esporádico destas.

#### **Artigo 24**

As universidades deberán establecer, de mutuo acordo coas súas contrapartes, instrumentos de xestión e avaliación compartidas dos proxectos e programas postos en marcha, favorecendo a reflexión conxunta sobre o realizado e/ou a adecuación de accións e obxectivos ás novas necesidades que eventualmente puidesen formularse.

## **PARTE QUINTA**

### **Relación das universidades co tecido social da cooperación**

#### **Artigo 25**

A Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento inscríbese no esforzo global que institucións e organizacións sociais realizan a favor dun compromiso solidario capaz de contribuír ao avance do desenvolvemento humano e a sustentabilidade no mundo.

Desde esa perspectiva, as universidades deben favorecer o establecemento dun diálogo fluído e de mecanismos de coordinación de esforzos co resto dos axentes sociais da cooperación, entendendo esta de modo complementario e non competitivo, e buscando, en consecuencia, o apoio mutuo e a conxunción de esforzos con estes.

#### **Artigo 26**

As características específicas da institución universitaria fan que esta teña recursos técnicos e humanos de grande importancia para o impulso da cooperación para o desenvolvemento. Por iso, as universidades deberán buscar fórmulas que permitan poñer os seus coñecementos e capacidades ao servizo das estratexias xerais de cooperación e das necesidades dos proxectos e programas impulsados por outros axentes sociais.

#### **Artigo 27**

A sensibilización da comunidade universitaria cara á solidariedade internacional e en pro dun desenvolvemento humano sostible constitúe un importante campo de colaboración con outras institucións e axentes sociais. Neste sentido, as universidades deberán mostrarse abertas ás experiencias achegadas polas devanditas institucións e axentes, fomentando a súa presenza nos centros universitarios, a exposición e explicación das súas actividades e a participación destes nos programas de sensibilización que se levan a cabo.

#### **Artigo 28**

O apoio que as Universidades poidan prestar a outros axentes sociais para as súas actividades no campo da cooperación ao desenvolvemento non debe servir de eximente para unha menor implicación destas nesta tarefa. Pola contra, o dito apoio debe ir paralelo á asunción por parte da universidade dos seus propios compromisos nesta materia, no exercicio da responsabilidade social que como institución lle corresponde.



## PARTE SEXTA

### Aplicación, difusión e cumprimento do Código de conduta

#### Artigo 29

As universidades, a través dos seus órganos de goberno, poderán adherirse de xeito individualizado ao presente Código de Conduta, decisión que deberá ser comunicada posteriormente á CRUE para que a coñezan as demais universidades.

#### Artigo 30

Cada universidade, unha vez subscrito o presente Código de conduta, responsabilízase de difundilo entre a súa respectiva comunidade universitaria por

todos os medios necesarios e suficientes para que esta coñeza e debata as súas implicacións no traballo de cooperación universitaria para o desenvolvemento, e designará un órgano para que siga a súa aplicación.

#### Artigo 31

O cumprimento do presente Código de conduta por parte daquelas universidades que se adhiran a este será **obxecto de valoración interna por parte dun órgano que sexa designado para iso pola universidade; o seu ditame será independente e público, e por iniciativa da mesma universidade poderá ser sometido a contraste externo por parte de persoal experto ou de axencias de calidade de recoñecido prestixio.**